

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA COMPENSAR AOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA DESIGNADOS EN VIRTUDE DE REQUIRIMENTO XUDICIAL OU POLA ASISTENCIA PRESTADA Á PERSOA DETIDA OU INVESTIGADA CANDO NON EXISTA UN RECOÑECIMENTO EXPRESO DO DEREITO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E D. **Luís Torres Foira**, presidente do Consello da Avogacía Galega, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 18 dos estatutos do Consello da Avogacía Galega, aprobados polo Decreto 61/2025, do 7 de xullo.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O artigo 24 da nosa Constitución garántelles o dereito fundamental a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais a todas as persoas no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión, e así mesmo á defensa e á asistencia de letrado.

SEGUNDO.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, lle corresponde á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que a Lei Orgánica do Poder Xudicial recoñeza ou atribúa ao Goberno do Estado e que non entren no núcleo da Administración de Xustiza en sentido estrito. No eido de aplicación da dita cláusula subrogatoria do Estatuto de Autonomía, atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a



Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza. Este traspaso levouno a cabo o Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro; e logo foi ampliado polo Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro, para comprender tamén os medios materiais e económicos das fiscalías de Galicia. Entre as funcións traspasadas polo Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, e asumidas polo Decreto 394/1994, do 29 de decembro, inclúense, entre outras, o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

TERCEIRO.- O Consello da Avogacía Galega é unha corporación de dereito público integrada polos colexios de avogados da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo (Decreto 130/1993, do 3 de xuño, polo que se crea o Consello da Avogacía Galega e se aproban os seus estatutos), e ten as mesmas competencias que o Consello Xeral da Avogacía Española no ámbito territorial de Galicia. As súas competencias son, fundamentalmente, as que ten atribuídas o Consello Xeral da Avogacía Española, en todo canto teña ámbito ou repercusión soamente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre outras cuestións, de conformidade co disposto nos seus estatutos, ten competencia para fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación coa profesión de avogado, así coma para colaborar cos poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das institucións dentro do seu propio territorio.

CUARTO.- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

QUINTO.- A quenda de oficio é un servizo que prestan os colexios de avogados a fin de garantir o dereito constitucional fundamental á defensa, sendo a asistencia xurídica gratuíta unha parte importante da quenda de oficio, mais non a súa totalidade. Por isto, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é consciente da necesidade de lle dar cobertura económica aos honorarios deixados de percibir por aqueles profesionais que prestaran o servizo de defensa derivados da designación realizada por requirimento xudicial, de acordo co artigo 21 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro de Asistencia Xurídica Gratuíta, ou pola asistencia prestada á persoa detida ou investigada, cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta ao serlle denegado o



beneficio, por mor de faltar a sinatura do interesado na correspondente solicitude que autorice o acceso á información económica por parte da Administración ou por insuficiencia na documentación requirida e, non obstante, consten evidencias obxectivas da insuficiencia de recursos da persoa asistida; e, por outra banda, para compensar o servizo de defensa prestado a través da quenda de oficio a persoas xurídicas que carezan de patrimonio suficiente, cando resulten investigadas no curso dun procedemento penal.

SEXTO.- En base ao exposto anteriormente, e coa finalidade de garantir o dereito á defensa e a satisfacción dos honorarios dos profesionais que o prestan a través da quenda de oficio, resulta conveniente articular, mediante un convenio, a necesaria asistencia e apoio económico con cargo ao orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para lograr a maior eficacia posible na asignación de recursos económicos asociados a esa finalidade.

En consecuencia con todo o anteriormente exposto, as partes estiman conveniente desenvolver unha colaboración en común, para o que acordan subscribir o presente Convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do Convenio.*

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para lle dar cobertura económica a aquelas asistencias letradas prestadas a persoas físicas nun proceso penal que estean detidos e investigados nas quendas de gardas permanentes ou en virtude de requirimento xudicial, cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta, de acordo co artigo 21 da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro de Asistencia Xurídica Gratuíta, cando reúnan os requisitos dos seguintes supostos:

1. Que o defendido teña denegado o dereito de asistencia xurídica gratuíta por algunha das seguintes causas:
 - a. Por falta da sinatura do interesado na solicitude de recoñecemento do dereito que autorice o acceso á información económica por parte da Administración.



- b. Por non achegar a documentación requirida pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta.
2. Que o profesional designado intentase, con resultado negativo, o cobro dos seus honorarios directamente ao defendido ou, de non ser posible, e ante as evidencias obxectivas da insuficiencia de recursos da persoa asistida, presente unha declaración responsable da aparencia de falta de medios (anexo I do Convenio).

Segunda. *Compensación económica para os letrados.*

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará economicamente aos profesionais da avogacía que presten a asistencia letrada nos supostos previstos na cláusula anterior, segundo as contías seguintes:

- A. Persoas físicas no proceso penal: segundo as contías establecidas nos baremos de compensación económica previstos para as actuacións dos avogados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.
- B. Solicitud de algunha medida xudicial de apoio de carácter estable a unha persoa con discapacidade, conforme ao procedemento de xurisdición voluntaria: 150 €.

As cantidades mencionadas imputaranse aos orzamentos de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para 2025 na aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.1.

Terceira. *Orzamento.*

O financiamento máximo para as actuacións descritas no Convenio é de cen mil euros (100.000,00 €), que se imputarán aos orzamentos de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para 2025 na aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.1.

Poderán realizarse pagamentos parciais trimestrais á conta da liquidación definitiva, na medida en que o Consello xustifique debidamente as actuacións realizadas, ata acadar como máximo o 80% do importe do Convenio. O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa.

Para estes efectos, xunto coa documentación que o Consello da Avogacía Galega achegue para as xustificacións trimestrais ou final da execución do Convenio,



presentará tamén un informe detallado onde se certifiquen todas as designacións realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento, o nome do letrado, o colexio ao que pertence e o número de colexiado, así como a actuación desenvolvida e contía correspondente. Así mesmo, para o caso das persoas físicas, deberá indicarse o número de SOX e mais do PR do expediente.

A subvención supón o 100% do custo total estimado.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao capítulo IV do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que o Consello da Avogacía Galega é unha institución xurídico-administrativa sen ánimo de lucro, a citada institución queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Obrigas do Consello da Avogacía Galega.

O Consello da Avogacía Galega comprométese a:

1. Achegar aos letrados designados, tal e como se recolle na cláusula primeira, as compensacións económicas transferidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para garantir a defensa xurídica e a tutela xudicial efectiva.
2. Remitir á Dirección Xeral de Xustiza, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos profesionais durante ese período que se atopen nas situacións previstas no obxecto do presente Convenio.
3. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste Convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
4. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

A xustificación comprenderá os gastos de accións intentadas cobrar polo profesional do defendido ou realizadas co resto de requisitos exixidos no presente Convenio nos procedementos incoados a partir do 1 de xaneiro de 2025, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite o 5 de decembro de 2025.



Quinta. Control.

O Consello da Avogacía Galega someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle poida requirir para a debida xustificación dos fins deste Convenio, así como tamén ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa achega económica realizada.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación.

Se o profesional que prestou o servizo obxecto deste Convenio cobrara os seus honorarios con posterioridade á compensación económica librada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, procederá ao reintegro das cantidades percibidas ao Consello da Avogacía Galega. O importe destes reintegros percibidos polo Consello serán obxecto de compensación na xustificación, parcial ou final, seguinte.

Sexta. Publicidade e protección de datos.

O presente Convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os Rexistros Públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, comunicárase a subscripción deste Convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do Convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.



As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

O Consello da Avogacía Galega, en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, entidade esta responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente Convenio.

Así mesmo, adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como ao previsto nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente Convenio.

As partes asinantes do presente Convenio comprométense a destacar, nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas, a colaboración prestada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.

Sétima. Confidencialidade da información e dos resultados.

As partes asinantes do presente Convenio comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Oitava. Comisión de seguimento do Convenio.

Consoante o previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, créase unha comisión de seguimento do Convenio, á cal lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, así como asumir o



seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera cuestión que poida xurdir sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos, todo isto sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado co seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de Xustiza.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Dous representantes do Consello da Avogacía Galega.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta da Dirección Xeral de Xustiza.

A comisión reunirse cando sexa necesario, a solicitude de calquera das partes.

Novena. *Vixencia do Convenio.*

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura, ata o cumprimento polas partes dos deberes asumidos. En ningún caso excederá o 31 de decembro de 2025.

Décimo. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas.*

O presente Convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do Convenio.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Décimo primeira. *Modificacións e resolución do Convenio.*

Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do Convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento.

Así mesmo, o presente Convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificadora, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que o asinan, se as partes considerasen necesario introducir modificacións motivadas pola necesidade de dotar o seu obxecto dunha maior achega económica e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o permiten.

O presente Convenio resolverase:

- a) Por incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) Por acordo mutuo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio.
- c) Pola desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio ou polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

De se resolver o Convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda -illada ou en concorrencia con outras subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo segunda. *Obriga de cumprimento dos compromisos.*

En caso de finalización do presente Convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.



En proba de conformidade con canto antecede, e para a súa debida constancia, asínase o presente Convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

POLO CONSELLO DA AVOGACÍA
GALEGA

Diego Calvo Pouso

Luis Torres Foirá



ANEXO I**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D^a :.....
Colexiada/o n^o
Con NIF:.....
Domicilio a efectos de notificacións:.....

DEFENDIDO/A

D./D^a :.....
Con NIF:.....
Clase e número de procedemento:.....
Órgano xudicial.....

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que a persoa que defendo aparentemente cumpre cos requisitos esixidos no artigo 3 da Lei de Asistencia Xurídica Gratuíta, de requisitos básicos de insuficiencia de patrimonio e recursos e ingresos, de conformidade co Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para compensar aos profesionais da avogacía designados en virtude de requirimento xudicial ou pola asistencia prestada a persoa detida ou investigada cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Motivo aparente da insolvencia:

- ☐ Insolvencia en outros procedementos.
- ☐ Sen domicilio ou traballo coñecido.
- ☐ No caso de tratarse de persoa xurídica, ter pechado de maneira permanente o establecemento.
- ☐ Outros. Indicar brevemente:.....

Asinado en, o de de 20.....

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

